



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 29 DE SETEMBRO DO 2021

### **Alcalde-Presidente:**

Carlos Ladra Brage

### **ASISTENTES**

#### **Concelleiros/as;**

#### **Grupo político municipal PSdG-PSOE**

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M<sup>a</sup>. Rodríguez Fernández

#### **Grupo político municipal BNG:**

Paula González Grueiro

#### **Grupo político municipal PP:**

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

#### **Grupo Mixto:**

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

#### **AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

Iago Varela Martínez

#### **Secretaria-Interventora:**

Irene Suárez López

Sesión telemática celebrada en virtude do artigo 46.3 da LBRL introducido pola Disposición Adicional segunda do Real Decreto legislativo 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. Sendo as 19:30 horas do 29 de setembro do 2021, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

## ORDE DO DÍA

### **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **á acta correspondente á sesión celebrada o 28 de xullo do 2021.**

**Non habendo intervencións enténdese aprobada por unanimidade dos asistentes ( 10 votos).**

### **2.- RATIFICACIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DO MAR PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “VALORIZACIÓN DA ACTIVIDADE MARISQUEIRA E DOUS SEUS ESPAZOS EXTRACTIVOS NO LITORAL DE CABANAS. CABANAS MAR”**

Obra no expediente a Resolución de Alcaldía que de seguido se transcribe:

RESOLUCIÓN. Solicitud de subvención Consellería do Mar.

Visto a Orde de 3 de agosto de 2021 da Consellería do Mar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2021 (código de procedemento PE155A), publicada no DOG n 157, de data 17 de agosto de 2021

Visto a memoria “**Valorización da actividade marisqueira e dos seus espazos extractivos no litoral de Cabanas - Cabanas Mar**”, cun orzamento de 66.950,00 euros e 14.059,50 euros de ive, o que importa un total de 81.009,50 euros.

De conformidade coas atribucións outorgadas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar a memoria “**Valorización da actividade marisqueira e dos seus espazos extractivos no litoral de Cabanas- Cabanas Mar**”, cun orzamento de 66.950,00 euros e 14.059,50 euros de ive, o que importa un total de 81.009,50 euros.

**Segundo.** Solicitar subvención á Consellería do Mar, ao abeiro da Orde de 3 de agosto de 2021 da Consellería do Mar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2021 (código de procedemento PE155A), publicada no DOG n 157, de data 17 de agosto de 2021, para o desenvolvemento do proxecto “**Valorización da actividade marisqueira e dos seus espazos extractivos no litoral de Cabanas - Cabanas Mar**”.

**Terceiro.** Dar conta da presenta resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación.

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a votación a ratificación é aprobada por cinco ( 5) votos a favor dos concelleiro do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e cinco ( 5) abstencións dos concelleiros do PP e o concelleiro do Grupo Mixto.**

### **3.- RATIFICACIÓN DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS ANUALIDADE 2022**

Obra no expediente a Resolución de Alcaldía que de seguido se transcribe:

Visto que con rexistro de entrada nº 2021-E-RC-2419, de data 14 de setembro de 2021, recíbese comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, requirindo a determinación dos dous días de festividade local no Concello de Cabanas para a anualidade 2022.

Ante a necesidade de comunicar os dous días de festividade local do Concello de Cabanas para a anualidade 2022 á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, de conformidade coas atribucións outorgadas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co

artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes, RESOLVO:

*Primeiro. Determinar como festivos locais do Concello de Cabanas para a anualidade 2022 as seguintes datas:*

- 1 de marzo de 2022 (Martes de Entroido)
- 11 de novembro de 2022 (San Martiño).
- 

*Segundo. Dar conta ao Pleno da Corporación do presente acordo para a súa ratificación.*

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a votación a ratificación é aprobada por cinco ( 5) votos a favor dos concelleiro do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e cinco ( 5) abstencións dos concelleiros do PP e o concelleiro do Grupo Mixto.**

#### **4. PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN DOCUMENTAL ARQA.**

Obra no expediente a proposta de Alcaldía que se transcribe de seguido:

##### **EXPEDIENTE 1338/2021**

##### **PROPOSTA DE ALCALDÍA.- ADHESIÓN AO COVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN DOCUMENTAL ARQA.**

*Visto o Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a implantación do sistema de xestión documental ARQA nos arquivos públicos municipais*

*Visto o establecido no punto oitavo da parte expositiva do devandito Convenio de Colaboración:*

*“É de interese para a FEGAMP colaborar, dentro dos seus fins estatutarios, coa Xunta de Galicia, na implantación de ARQA en todos aqueles concellos que o precisen, de forma particular, os que carecen de sistemas de xestión documental propios ou os que están a empregar XARAL, sistema que quedará en desuso pola falta de capacidade para responder ás necesidades de xestión arquivística.”*

*Visto o establecido na cláusula segunda do Convenio de Colaboración, en canto ao ámbito de aplicación:*

*“O ámbito de aplicación deste convenio abrangue a toda a Administración Local de Galicia, incluíndo as Entidades locais territoriais e non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia”.*

*Visto o establecido na cláusula terceira do Convenio de Colaboración, en canto á adhesión ao convenio:*

*“As entidades locais poderán asinar a súa adhesión a este convenio mediante o modelo que figuran como Anexo I, no que figurarán as obrigas e responsabilidades que asume a respectiva entidade local.*

*En todo caso, as entidades locais que se adhiran ao presente convenio comprométense a:*

*a) Colaborar, tanto no proceso de migración de datos dos seus arquivos ao novo sistema de xestión documental, como no resto dos procesos técnicos que requira a súa posta en marcha.*

b) *Cumprir as normas técnicas de funcionamento do Sistema de Arquivos de Galicia.*

c) *Responsabilizarse do control da aplicación, así como das altas e baixas dos usuarios (consultas, mecanizadores...). Este control recaerá no arquivista do concello. Naqueles municipios que non contan con praza de arquivista, o dito control corresponderá ao secretario do concello ou personal adscrito ou encargado do servizo do arquivo da Entidade local.*

d) *Comunicar as incidencias a través das canles establecidas pola Xunta de Galicia.*

e) *Colaborar coa Xunta de Galicia na formación e perfeccionamento dos encargados dos servizos de xestión documental, outorgándolles permiso para asistir ás accións formativas que se organicen, relacionados co novo programa de xestión arquivística.*

f) *Contar co equipamento informático necesario para a implantación e mantemento do novo programa de xestión arquivística.*

g) *Asumir, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.*

h) *Cooperar na actualización dos datos do Censo de Arquivos de Galicia e na elaboración de estatísticas.*

i) *Cooperar na difusión dos fondos documentais custodiados nos arquivos municipais”*

*Visto que segundo o establecido na cláusula décimo primeira, o presente convenio de colaboración no supón novos compromisos económicos adicionais para as partes asinantes.*

*Visto a memoria xustificativa redactada pola Animadora Cultural do Concello de Cabanas, no que se expón a necesidade de que o Concello de Cabanas se adhira ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación do sistema de xestión documental ARQA, para o desenvolvemento de descrición e ordenación da documentación administrativa existente nas instalacións do arquivo municipal.*

*Polo exposto anteriormente, no uso das competencias que lle confire a lexislación vixente e artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Proceder á adhesión do Concello de Cabanas ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación do sistema de xestión documental ARQA.*

**SEGUNDO.-** *Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio e todos os trámites derivados do mesmo.*

**TERCEIRO.-** *Dar traslado do presente acordo ao Servizo do Sistema de Arquivos, Consellería de Cultura, Educación e Universidade*

**Sometida a votación a ratificación da inclusión na orde do día é aprobada por nove ( 9 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, a concelleira do Grupo Mixto e os concelleiros do PP e unha ( 1 ) abstención do concelleiro do Grupo Mixto.**

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a proposta a votación por nove ( 9 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, a concelleira do Grupo Mixto e os concelleiros do PP e unha ( 1 ) abstención do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á adhesión do Concello de Cabanas ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación do sistema de xestión documental ARQA.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio e todos os trámites derivados do mesmo.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo do Sistema de Arquivos, Consellería de Cultura, Educación e Universidade

## **5. INFORMES DA PRESIDENCIA:**

### **5.1. RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA**

Dáse conta das resolucións de Alcaldía aprobadas dende o último pleno ordinario.

### **6. MOCIÓNS**

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** indica que lle gustaría presentar unha moción relativa á realización dunha consulta popular referida á instalación de eólicos en Cabanas.

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a votación a urxencia da moción prodúcese un empate por cinco ( 5 ) votos a favor dos concelleiros do PP e o concelleiro do Grupo Mixto e cinco ( 5 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.**

**Repetida novamente a votación co mesmo resultado o Alcalde desfai o empate co voto de calidade, non prosperando a urxencia da moción.**

De seguido o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** indica que ten outra moción relativa á adquisición de terreos no Campo do oito.

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a votación a urxencia da moción prodúcese un empate por cinco ( 5 ) votos a favor dos concelleiros do PP e o concelleiro do Grupo Mixto e cinco ( 5 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.**

**Repetida novamente a votación co mesmo resultado o Alcalde desfai o empate co voto de calidade, non prosperando a urxencia da moción.**

## **7. ROGOS E PREGUNTAS**

**Remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta.**

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte horas e un minuto estendéndose a presente acta da que, eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº